

A Bela Adormecida

Produción: Centro Coreográfico Galego en colaboración coa Orquestra Sinfónica de Galicia

Dirección: Mercedes Suárez Rodríguez

Estrea: 21 e 22 de febreiro de 2014 no Pazo da Ópera da Coruña

O proxecto

Tralo éxito de público obtido durante a temporada 2012-2013 coa xira do *Quebranoces*, espectáculo no que os bailaríns do Centro Coreográfico Galego (CCG) compartiron escenario con alumnos de escolas e conservatorios de danza de toda Galicia, a unidade de produción coreográfica da Xunta de Galicia emprega a mesma fórmula de colaboración didáctica para a súa nova montaxe: *A bela adormecida*, a partir do ballet composto por Tchaikovski con coreografía de Petipa.

A aposta do Centro Coreográfico Galego por este modelo participativo, que foi secundado polos máis de 15.000 espectadores que congregou o seu anterior espectáculo, ten como obxectivo dar un novo impulso á súa liña de traballo coas escolas galegas de danza nunha dobre vertente que procura tanto a creación de novos públicos para esta disciplina artística, como a motivación dos estudantes e profesores mediante a súa participación no desenvolvemento dunha produción coreográfica a nivel profesional.



Ensaio de 'A bela adormecida' na sede do Centro Coreográfico Galego | Fotografía: Manuel Lemos

Ademais, a Orquestra Sinfónica de Galicia implicase de novo nun proxecto do CCG, ao que acompaña na estrea de *A bela adormecida* os días 21 e 22 de febreiro no Pazo da Ópera da Coruña. Estas funcións para público xeral están precedidas de sesións didácticas concertadas con diferentes centros escolares, programadas no mesmo espazo coruñés do 12 ao 14 de febreiro. O espectáculo tamén poderá verse proximamente en Lugo e Cangas do Morrazo.

Para esta nova proposta, a unidade de danza da Xunta de Galicia volve contar cun elenco de bailaríns e bailarinas profesionais, que interpretan os papeis principais deste ballet, compartindo escenario cun corpo de baile integrado polos alumnos e alumnas seleccionados en cada un dos centros formativos participantes na iniciativa. María Villas repite tamén como deseñadora do vestuario e da escenografía, que foron realizados polo propio equipo do Centro Coreográfico.

Equipo artístico e técnico

Bailaríns do Centro Coreográfico Galego

Ástrid Molinero

Juan M. Hernández

Paula Montoya

Ailen Ramos

Carmen Aparicio

Ana Serantes

Carlos Huerta

Jesús Benzal

Miguel A. Ponte

Rubén Ventoso

Raquel Santacruz

José Luís Cebreiro

Música

P. Tchaikovski

Coreografía

M. Petipa

Repetidora

Cristelle Horna

Mestras de ballet

Belén Vázquez e Beatriz Ponlla

Deseño de escenografía e vestuario

María Villas

Realización da escenografía

Talleres da Agadic

Realización do vestuario

Xastrería do Centro Coreográfico Galego (Milagros Reimundez, Cristina Cordido e María Dolores Negreira) e Santos Salgado

Luces e son

EMSAC

Produción

Pilar Peña

Produción técnica

Jesús R. Arias

Fotografía, programas e cartelería

Manuel Lemos

Vídeo

Antonio Cid

Dirección

Mercedes Suárez

E nas funcións da Coruña, coa participación de:

-Orquestra Sinfónica de Galicia. Jonathan Webb, director

-Daniel Currás, narrador nas funcións didácticas

-Alumnas e alumnos do Conservatorio de Danza da Deputación Provincial e das escolas Danzade, Druída e Carmen da Coruña, Náyade de Ames, Cinderella de Arteixo, Danzarte de Betanzos, Conservatorio Profesional de Danza de Lugo e escolas municipais de danza de Oleiros e Ponteceso



*Ensaíos de 'A bela adormecida'
na sede do Centro Coreográfico Galego
Fotografías: Manuel Lemos*

Funcións na Coruña

A Coruña. Pazo da Ópera:

-Funcións escolares:

11, 12 e 13 de febreiro, 10.30 e ás 12.00 h

-Funcións de estrea:

21 de febreiro, 20.00 h

22 de febreiro, 18.00 h

Entradas á venda en entradas.novagaliciabanco.es

O ballet. Argumento

Estreado no ano 1890 no Teatro Mariinski de San Petesburgo, *A bela adormecida* é un dos máis aclamados ballets do repertorio clásico internacional. Con coreografía de Petipa, libreto de Vsevolovski e música de Tchaikovski (na imaxe), a versión orixinal estrutúrase nun prólogo e tres actos, dos que os dous primeiros céntranse na historia homónima escrita polo francés Charles Perrault en 1697, mentres que o terceiro recrea outros contos do mesmo autor, como o *Gato con botas*, *Carapuchiña vermella* ou *O paxaro azul*.



A versión do Centro Coreográfico Galego concentra en dous actos a historia da princesa Aurora, filla do rei Florestán XXIV. Durante a celebración do bautizo da pequena, a malvada bruxa Carbousse preséntase no pazo real furiosa por non se atopar entre os convidados ao festexo e lanza unha maldición sobre a princesa: cando cumpra dezaseis anos morrerá ao picarse cun fuso. A maldición deixa arrepiados a todos os presentes, pero a Fada das Lilas aínda ten pendente a entrega do seu regalo: “O meu presente é que esta nena non morrerá, caerá nun sono e será despertada por un bico de amor”.

O Centro Coreográfico Galego

Integrado na Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic) da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, o Centro Coreográfico Galego (CCG) é un espazo público de creación, produción, formación e investigación para o desenvolvemento da danza.

Entre os seus obxectivos están o apoio á creación artística, á investigación e á formación dos profesionais das artes do movemento. Persegue tamén a diversificación das súas iniciativas, tanto temática como xeograficamente, así como tender pontes entre proxectos e institucións afíns e contribuír ao encontro da danza con outras disciplinas artísticas.

A bela adormecida é a oitava produción propia do Centro Coreográfico Galego desde a súa posta en marcha no ano 2006.